

A Coruña
aproba rematar
a urbanización
da praza da
Fábrica de
Tabacos



Páxina 4

A Xunta
adxudica a
modernización
das fachadas
do hospital da
Mariña



Páxina 14

O Sergas
construe un
novo centro de
saúde no
Pereiro de
Aguir



Páxina 16

Carmela Silva
recolle un
recoñecemento
no senado



Páxina 18



O Parador de Muxía estará aberto para Semana Santa

Páxina 7

Entrevista



Manuel Vázquez Cobo, presidente da Rede Galega de Empresas

“Debemos seguir desenvolvendo o sector agrario e facelo atractivo para que haxa relevo xeracional”

Páxina 6



CENTRO MÉDICO
progreso

Financiamos en
cómodos plazos



Nº RS C-32-001048

ORTODONCIA

CONCERTADO CON
ASEGURADORAS

¡CAMBIA YA TU SONRISA!

C/ Progreso Nº 143, Ourense

www.cmprogreso.es



988 616 758

A Deputación acolleu unhas xornadas sobre oportunidades de financiamento europeo para proxectos turísticos

Alcaldes, concelleiros e técnicos dos concellos da provincia da Coruña participaron en novembro na quinta edición das xornadas “Europa na provincia da Coruña”, organizadas polo centro Europe Direct da institución provincial e centradas temáticamente nesta ocasión nas oportunidades de financiamento europeo para proxectos turísticos impulsados polas administracións locais.

O vicepresidente e responsable da área de Turismo da Deputación, Xosé Regueira, que destacou “o importante esforzo inversor” que realiza a Deputación en cuestións coma a “mellora da calidade dos nosos xeodestinos e dos Camiños de Santiago, en colaboración co Xacobeo”.

Esta cuestión foi analizada en detalle por Daniel Ugarte Otero, project adviser do pro-



Xosé Regueira destacou “o importante esforzo inversor” que realiza a Deputación.

grama europeo COSME e Ana Sánchez Cambón, da dirección xeral de Política Rexional da Comisión Europea, que explicaron que a Unión Europea cofinancia proxectos transfronteirizos de turismo sustentable que teñen como obxectivo diversificar a oferta europea de turismo. Precisa-

mente Galicia, como parte integrante da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, está experimentando nos últimos anos un importante desenvolvemento que da conta do importante potencial que existe, xa que a singularidade e riqueza do noso patrimonio natural, cultural e mesmo

gastronómico, posícionanos como un destino turístico emerxente.

Importancia do Camiño

Destacouse tamén o enorme impacto que ten o Camiño de Santiago. No que vai de ano, chegaron a Santiago de Compostela 328.892 peregrinos, máis que en todo 2018.

Gastronomía coruñesa no Forum Gastronómico en Barcelona



Como outros anos, a Deputación da Coruña acudiu ao Forum Gastronómico de Barcelona cun stand co fin de promocionar o seu produto gastronómico e darlle visibilidade aos atractivos gastronómicos locais.

Os visitantes puideron acceder a material promocional da provincia así como asistir a showcookings da man de cociñeiros en representación de cada xeodestino turístico. Empanada de Carballo, aceites de Vedra ou queixos de Arzúa foron obxecto de degustación.

O pleno da Deputación da Coruña aproba un orzamento de 184 millóns para 2020

O pleno da Deputación da Coruña aprobou, cos 17 votos favorables de PSdeG-PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e 13 votos en contra do Partido Popular, o orzamento da institución provincial para o ano 2020, que ascende a 184.016.500 euros (un 0,22% máis que en 2019).

O pleno rexeita as 24 emendas presentadas polo Partido Popular porque “xa están contempladas nos orzamentos da



Deputación” e suporían recortar en servizos fundamentais.

Os orzamentos seguirán priorizando a área social, con preto de 12 millóns de euros de investimento.

O Plan Único, con 47,2 millóns de orzamento inicial, será o principal programa inversor.

173 persoas serán contratadas en pequenas empresas co financiamento da Deputación

A Deputación da Coruña vén de publicar no BOP a listaxe das 173 pequenas empresas e autónomos da provincia que serán beneficiarias/os das axudas para a contratación do programa PEL-PEMES 2019/2020 para apoiar a creación de emprego na provincia.

Cun esforzo inversor de algo máis de 2.270.000 euros, esta liña do Plan de Emprego Local (PEL) permitirá a contratación de 173 persoas durante un ano. Neste período, a Deputación asumirá ata o 75% do salario total dos traballadores, impulsando así a



O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, destacou que dende a súa creación o PEL impulsou a creación preto de 2.700 empregos directos

actividade empresarial das pemes e autónomos e apoiándoas na creación de emprego.

Analizando os datos das entidades beneficiarias por sectores produtivos, destaca a forte presenza do sector ter-

ciario. As empresas beneficiarias abranguen un gran abano de actividades empresariais, destacando as vinculadas ao sector do comercio (21,38%), a Hostalería e Comercio (20,23%) e á Construcción e Reformas (5,7%).

As empresas poderán adicar a subvención a contratacións durante un período de un ano. As persoas a contratar deberán estar empadroadas en calquera dos municipios da provincia, ademais de estar en situación de desemprego e inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos.



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Ágora política, ágora pública

Como todos vdes. saben ágora é o termo polo que se designaba na antiga Grecia á praza das cidades – estados onde se congregaban os cidadáns para tratar das súas cousas de tipo relixioso ou político. Estaban situadas nas prazas ou preto de lugares emblemáticos da vida social das cidades. Alí os políticos tamén se dirixían aos cidadáns expoñendo as súas ideas e propostas, alí falaban da cousa pública, da res pública (de aí vén república).

Hoxe eses lugares son substituídos pola TV, polos xornais, revistas ou polos discursos, sobre todo en tempos de eleccións. Pero tamén podemos falar nestes momentos de auténticas ágoras públicas que se desenvolven en espazos máis reducidos, máis pechados; cafeterías, tabernas de barrio, casinos de cidades, etc. Curiosamente os temas de conversación nestes lugares non coinciden, precisamente, cos temas que nos ofrecen os medios de comunicación, aínda que é preciso aceptar que eses medios, sobre todo a TV, teñen unha enorme influencia sobre os cidadáns.

Nestes momentos as ágoras políticas céntranse en se imos ter ou non ter novo goberno, en como se vai repartir a tarta. Hai opcións políticas que sendo minoritarias na súa representación están sendo, así e todo, decisivas para saír do xa famoso bloqueo político. Tertulias televisivas, articulistas de todo tipo e condición, declaracións políticas, etc., están absorbidos polo que poidan pretender os cataláns (léase CRC). Haberá goberno antes de fin de ano se os republicanos cataláns “entran polo aro” que o goberno en función lle ofrece. De non ser así voltariamos

a comenazar de novo dando voltas á nora política: novas eleccións ou acordo dos partidos chamados constitucionallistas.

Non obstante, nas outras ágoras públicas que antes indicamos, sen esquecerse de todo o anterior, queren saber que vai pasar coas súas pensións; en que vai quedar ese salario universal



que se está poñendo de moda laboralmente falando, cantos días e cantas horas hai que traballar para gañar o suficiente para vivir cun mínimo de dignidade, se vai engordar as listas do paro, etc.; en resume: que caste de vida nos espera a todos nestes próximos 25 ou cincuenta anos?

Hoxe comezou en Madrid a Conferencia sobre o Clima. Máis dun cento de representantes dos países do mundo

enteiro (agás EE.UU., China, a India, ..) falan uns cos outros, asesorados polo mundo da ciencia, sobre o que hai que facer para que sigamos podendo respirar sen máscaras. Todos falan de rebaixar o quecemento da nosa atmosfera, así como de poder continuar coas nosas vidas pero as grandes potencias mundiais que son as que máis contaminan non están presentes. A ministra da Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, declara “estámonos achegando a unha situación moi perigosa. Sabemos o que temos que facer, pero non se está actuando á velocidade que se necesita. Non hai tempo e hai que facelo de maneira xeralizada”.

Dende o ano 1995 celebráronse 24 Convencións sobre Cambio Climático. Que fixeron os gobernantes dende entón? Practicamente nada. Agora coa auga ao pescozo e coa poboación, sobre todo as capas máis xoves da sociedade que é a máis concienciada, esixindo cambios si ou si, chegan a Madrid por circunstancias políticas en Chile (que era o país a quen lle correspondía organizar o evento) dando golpes de peito porque o tempo remata, porque os científicos veñen dicindo con insistencia que temos que rebaixar a temperatura ambiental en 1,5 grados.

Países como España con miles de quilómetros de costa é un territorio especialmente vulnerable. Aí temos os últimos anos en que o mar e os ríos están reclamando espazos. Non é una broma afirmar que nun prazo de 25 ou 50 anos serán moitas as cidades e vilas da costa española os que se verán asulagados pola crecida do nivel das augas mariñas.

Como sempre os norteamericanos

dan a nota. Pretenden encabezar un grupo de negacionistas sobre o cambio climático. Ao equipo súmanselle China, a India (os dous países máis contaminantes do mundo nestes momentos) e Brasil que igual que VOX negan a existencia do problema. O secretario xeral da ONU Antonio Guterres avisa que os niveis de gases de invernadoiro xa chegaron ao récord; as consecuencias xa se fan presentes con máis furacáns, máis seca, máis lumes; os casquetes polares estanse derretindo. Ao propio tempo seguen construíndose centrais de carbón.

Non puido, aínda, asegurarse a súa investidura, o Presidente en función Pedro Sánchez estase dando en baño político de multitudes que, seguro, non tiña previsto na súa axenda meses atrás. Está sendo o rei do mambo da política mundial. Non sabemos se os cataláns serían máis flexibles á hora de negociar un novo goberno se lles permitiran pasarse polo Ifema e relacionarse con tantas celebridades políticas.

Namentres todo isto acontece, neste País estanse pechando fábricas e estaleiros lanzando á rúa a centos, miles de traballadores que xa están sufrindo nas súas peles os efectos invernadoiro da política económica insaciable da dereita.

Esperamos ter goberno o antes posible e que o COP25 sexa todo un éxito. Talvez estes dous extremos dunha realidade social non estean tan afastados como puidéramos pensar.

Como esta será a miña reflexión pública neste 2019 os meus desexos de Paz e Felicidade para todos vdes. Pasen un Feliz Nadal e teñan un Venturoso Aninovo.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal –Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Galicia

O XX Premio Emprende Coruña premia á mocidade empresaria

Alcaldesa da Coruña participou na XX gala do Premio Emprende Coruña, organizada por AJE (Asociación de Jóvenes Empresarios), que tivo lugar o día 21 de novembro e na que destacou a necesidade de consolidar todas as boas ideas que xorden na provincia con galardóns como os entregados na xornada: “Hai que premiar a valentía dos e das que dan pasos para adiante e cren no que fan porque só así avanzaremos como territorio que exporta produtos singulares”.

Na súa intervención, a rexedora explicou que “temos



que ser conscientes de que esas propostas necesitan que lles axudemos a que saúden nun ámbito empresarial concreto e a que se establezcan e maduren”.

Rey felicitou os gañadores e gañadoras que foron ca-

paces de “facerse un sitio e ir máis alá do que xa existe”. Tamén agradeceu o labor de AJE “por facernos ver as demandas e necesidades dun colectivo que evoluciona e vaise adaptando aos tempos”.

A Coruña aproba rematar a urbanización da praza da Fábrica de Tabacos

O Concello da Coruña concedeu en novembro dúas licenzas urbanísticas para dous edificios de vivendas cuxo orzamento supera o millón de euros. Unha licenza outorgáraselle á empresa Udralar SL para construír un edificio de 68 vivendas no único solar que queda baleiro no ámbito da praza da Fábrica de Tabacos, que permitirá completar a urbanización nesta zona. A outra licenza é para un modificativo no proxecto de construción doutro inmoble con fachadas ás rúas de Santa Lucía e Fernández Latorre.

No ámbito urbanístico, a Xunta tamén concedeu a aprobación inicial do estudo e detalle na estrada Baños de



Momento do pleno do Concello da Coruña

Arteixo promovido por Showa Denko Carbom Spain SA para ampliar a fábrica e daralle luz verde a outro estudo que permitirá completar as rasantas na avenida de Lamadosa, na esquina coa rúa Jerónimo Vázquez Franco.

Outro dos asuntos do día foi sinatura dun convenio de colaboración coa entidade de RRI de Artesanos e a autori-

zación dunha subvención de 91.000 euros para contribuír á viabilidade do centro e á posta en marcha de distintas actividades.

A sinatura dun convenio de colaboración con Amigos da Ópera e a aprobación dunha subvención por importe de 80.000 euros á entidade para contribuír ao financiamento da súa Tempada Lírica

O Consello da Memoria Democrática reinicia a súa andadura

O Consello da Memoria Democrática, entidade que desenvolve políticas municipais destinadas á recuperación da memoria histórica das vítimas da Guerra Civil e a Ditadura, iniciou unha nova andadura na que continuará cos traballos de supresión da simboloxía franquista e reabrirá a Oficina de Atención ás Vítimas. Un dos principais retos do novo Consello é a recuperación da Casa

Cornide para a titularidade pública e que sexa declarada Ben de Interese Cultural, BIC, para poder abrílo ao público.

Teñen representación no Consello, entre outros, o Goberno local da Coruña e a Corporación municipal, o Ateneo Republicano, o Instituto Cornide, a Real Academia Galega, a Universidade da Coruña e Asociacións pola Recuperación da Memoria Histórica da cidade.

Rey sitúa os procuradores como figuras claves na Xustiza

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, presidiu o pasado 22 de novembro en Palexco o acto institucional polo San Ivo 2019, patrón do Colexio de Procuradores da Coruña. A rexedora valorou a figura des-

tes profesionais nun sistema en que son “claves para que a democracia se siga sustentando nos valores nos que se ergueu”. homenaxeou a Josep Antoni Durán i Lleida polo seu compromiso co Estado de Dereito.

Neira destaca o papel de institucións e colexios na loita contra a violencia machista

O Centro Ágora da Coruña acolleu o pasado 27 de novembro a xornada “Outras formas da violencia de xénero: a violencia sexual”, coa que se conmemorou o Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Na ponencia de benvinda, a edila de Igualdade, Yoya Neira, agradeceu o traballo do departamento e dos centros que dependen del por facer posible un evento que fai visible a violencia machista para a sociedade e destacou a importancia da colaboración de institucións e colexios na loita contra a violencia machista.

Durante a xornada, a violencia sexual foi tratada desde o punto de vista dos medios



de comunicación e o papel que realizan “porque non somos conscientes cando se pon o acento sobre o xénero e se está a perpetuar, aínda que sexa de maneira inconsciente, condutas contra as que hai que loitar”. A programación do día incluíu cine, teatro e obradoiros dirixidos a menores e ás súas familias.

Seguimos informando na nosa web:
www.novasdоеixoatlantico.com

Entrevista

Por Moncho Mariño

Manuel Vázquez Cobo, presidente da Rede Galega de Empresas

“Debemos seguir desenvolvendo o sector agrario e facelo atractivo para que haxa relevo xeracional”

A Rede Galega de Empresas naceu como unha nova vía de representación do empresariado galego cara o exterior sen deixar de pensar no interior. Manuel Vázquez cre que se podería facer máis desde Galicia polo seu propio empresariado. Por iso non entende que a Xunta non fixese algo

cando “a UE e China asinaron un acordo sobre o mercado de viño, e entre as zonas produtoras non figuraba Galicia”. Vázquez sinala tamén que a concentración produtiva nunha ou dúas empresas non é o camiño para o desenvolvemento económico nin para ofrecer produtos de calidade.



-Como se define a Rede Galega de Empresas e cales son as raíces da mesma?

A Rede de Empresas Galegas (RGE) naceu en 2008 debido a que vimos que algunhas das asociacións empresariais de Galicia deixaban de cumprir as funcións dunha asociación empresarial, como é defender os intereses dos empresarios e autónomos e da propia economía galega.

-Que perfil de empresas están dentro da RGE?

Aglutinamos todo tipo de empresas, isto inclúe desde empresas do naval, construción, pesca, alimentación e pequenos e medianos comerciantes. Hai empresas que podemos catalogar de punteiras economicamente polo seu volume de negocio dentro da Rede. Aínda que a inmensa maioría son PEMEs. Tamén temos empresas de construción, de granito, aluminio e outras empresas con presenza importante e adicadas a outras actividades máis específicas.

-A conxunción de empresas da RGE incluírá algunhas con máis proxección de cara o exterior. É así?

Prestamos atención sobre todo ao sector agroalimentario, as empresas agrarias e de produción de alimentos, viños, pesca e todo o relacionado co tema cárnico. Todos estes sectores son os que máis interese espertan en feiras internacionais, por iso o sector agrario e alimentario son os que máis atención teñen desde fóra. Hai varios mercados con interese na nosa produción, mais se destaca algún é o chinés. Le-

vamos participado en varias feiras nese país. Tamén temos contactos cos países do mundo lusófono, como o caso de Angola, onde xa temos un certo volume de negocio e tamén Brasil, onde durante catro anos unha oficina que agora funciona por outras vías. No caso do sector da madeira xa temos realizado negocios por exemplo en Perú, país que xa importou desde Galicia sistemas de explotación da madeira para o seu territorio.

-O empresariado galego está preparado para afrontar os retos tecnolóxicos do futuro?

O primeiro é cambiar a postura de cara as TIC. Hai un grupo de empresas que si se adaptaron perfectamente, con todo outros sectores van adaptándose lentamente. Con eles queremos traballar e apoialos para que sexan conscientes da importancia das novas tecnoloxías. Pensamos que é importante esta adaptación tecnolóxica para o proceso de produción e o de comercialización. Este último punto para nós é o máis importante, que as empresas podan vender os seus produtos noutros países.

-As autoridades galegas apoian de maneira firme a proxección das empresas galegas de cara o exterior?

Consideramos que deberan participar máis activamente como Galicia en todo tipo de organismos que nos afecten economicamente. Hai un caso como o convenio asinado entre a UE e China que ten a ver coas áreas xeográficas do viño. Curiosamente dentro do estado

español a única área que non aparece é a galega. Isto pode interpretarse como falta de atención dos organismos galegos cara a proxección económica de Galicia. Nese acordo hai zonas de Portugal, Francia e de España pero Galicia non está. Por que? Poderíase interpretar o que digo, falta de interese das autoridades que deberan defender a nosa presenza através das diferentes entidades públicas galegas. Debemos traballar conxuntamente empresas e autoridades para facermos presenza non só neste acordo con China, senón noutros moitos tamén importantes.

-Estáselle dando o impulso necesario ás empresas de innovación, ás novas ideas empresariais?

Sería necesario un apoio máis importante primando o I+D para que o futuro económico das empresas sexa posible. A actualización tecnolóxica non quere dicir que desapareza o coñecemento tradicional. Hai que unilo coa perspectiva máis contemporánea. Un sector que temos que atender máis é o sector agrario. Debemos seguir desenvolvéndoo para a produción de produto de calidade.

-Cal é o impedimento para ese desenvolvemento agrario?

Primeiro a falta de relevo xeracional, segundo, a grande concentración da produción nunhas poucas grandes empresas, como sucede no tema do leite. Pensamos que é mellor a existencia de pequenos produtores como existían pasado. A concentración se se fixese a través de cooperativas, sería

mellor. Para convater a falta de relevo xeracional no campo hai que darlle alternativas á xente nova para que poda retomar a produción familiar ou para crear novas empresas. Iso pasa por financiamento, capacidade tecnolóxica, transmitir que no campo se pode vivir coas mesmas infraestruturas que nas cidades.

-Sobre infraestruturas, son imperiosas as melloras neste terreo?

Neste punto sempre imos con atraso aquí en Galicia. O AVE hai que acabalo xa, e máis aínda, hai que prestarlle atención aos nosos portos para que as mercadorías marítimas saian dos nosos portos e non o fagan desde Portugal. O Eixo Atlántico debiera pasar por Galicia e non deixarnos á marxe. Tamén se deberan fortalecer o transporte ferroviario.

-E como lle afecta ao empresariado galego a situación dos tres aeroportos en Galicia?

Creo que o idóneo facer un estudo sobre estes aeroportos. O de Santiago é central, porque como moito estariaos a cen ou cento cincuenta quilómetros de distancia para convertelo en aeroporto internacional e internom e mesmo transportar os viaxeiros á terminal. No caso de Vigo poderíamos ter un bo aeroporto comercial, e a Coruña tamén outro comercial, mais ben comunicados entre eles. Con todo, tres aeroportos son unha plataforma importante de por si.

-Sobre a situación que viven as empresas como Endesa As

Pontes, o naval en Vigo e Ferrol e outros puntos máis, como o viven desde a REG? Teñen presentado algunha iniciativa ou proposta sobre este punto ás autoridades galegas?

O problema dese tipo de actuación fundamentalmente non é causa dunha mala intervención ou mala xestión das empresas. Detrás de todo isto hai decisións políticas. A implantación desas empresas debeuse a decisións políticas e agora a súa retirada débese tamén a decisións políticas. Quen ten as competencias para ese tipo de industrias é o goberno central, governe que governe. A presión que hai que facer que as administracións galegas, onde teñan competencias, deba primar a defensa destes sectores e facer “fronte” á administración central que é finalmente, a que ten competencia sobre estas empresas. Aí a cidadanía ten que mentalizarse que é unha decisión política.

-Que lle aconsellaría a quen queira emprender dentro do sector da alimentación ecolóxica, por exemplo?

Un empresario con explotacións ecolóxicas ten que dar a coñecer os seus produtos onde hai consumo importante dese tipo de produto. En Galicia aínda estamos comezando, mais debería virar cara Cataluña, que consume un 26% de ecolóxicos, ou mesmo Madrid. É dicir, fixar a súa venda en lugares onde haxa un forte consumo destes produtos. No tema internacional un dos maiores consumidores é Francia, e dentro de Galicia facer conciencia para o consumo

Continúa na páxina seguinte...

O Parador de Muxía estará aberto para Semana Santa

O presidente de Paradores, Óscar López, manifestou a ilusión da cadea pública por abrir o Parador de Muxía despois de tantos anos. "Estamos preparados para que este parador estea a funcionar a pleno rendemento antes da próxima Semana Santa". López asegurou que "sen ningunha dúbida este parador vai ser un dos mellores de toda España. Aquí cítanse a lenda da Costa da Morte, a historia do Camiño de Santiago, toda a esencia de Galicia e o prestixio de marca Paradores".

O novo Parador de Muxía-Costa da Morte é un edificio de nova planta con case 15.000 metros cadrados integrado totalmente na paisaxe. Contará con 63 habitacións -5 delas



O de Muxía será o parador número 98.

suites, spa, salóns, zonas comúns, piscina infinity pool e dous ascensores panorámicos deseñados para salvar a pendente do terreo que se moven en sentido diagonal. Tal e como comentou o presidente de Paradores "é un edificio con arquitectura do século XXI, integrado na paisaxe, o que o converte nun produto único

que vai axudar ao desenvolvemento turístico e económico da zona da Costa da Morte".

O novo parador estará dirixido por Julio César Castro Marcote, actualmente director do Hostel dos Reis Católicos. Anteriormente foi director dos paradores de Vilalba, Monforte de Lemos e Santo Estevo de Ribas de Sil.

A Deputación apoia con 375.559 euros quince eventos deportivos

A Deputación aprobou conceder axudas económicas por un importe total de 375.559,82 euros a quince colectivos deportivos coruñeses que levaron a cabo distintos eventos na provincia durante 2019.



Fútbol, baloncesto, surf, ciclismo e rallyes son algunhas das actividades deportivas financiadas a través desta convocatoria, na que tamén se promocionan eventos deportivos de carácter máis minoritario.

Entre as axudas concedidas

na convocatoria inclúense probas deportivas coma o Pantín Classic (proba internacional da World Surf League) e o campionato de España de Surf, os Rallyes da Coruña, Ferrol e Terra da Auga (Arzúa), a Volta Ciclista á Provincia da Coruña ou o Torneo Internacional Sub-20 de baloncesto feminino.

Miguel Sánchez Robles gaña o Premio Torrente Ballester en español da Deputación

O escritor murciano Miguel Sánchez Robles coa súa obra "El síndrome de Hybris" é o gañador da XXXI edición do Premio de Narrativa Torrente Ballester da Deputación da Coruña.

O xurado destaca que a novela gañadora é "unha carta de amor e desencanto que sublima a marxinalidade a través da beleza". Trátase, segundo engaden, dunha "diagnose actual escrita de forma impecábel e implacábel a medio camiño entre o lírico e o cotiá".

Nesta nova edición do certame presentáronse 519 obras



de 25 países. O autor recibirá 25.000 € e o compromiso de publicación da obra.

Miguel Sánchez Robles é natural de Caravaca de la Cruz, Murcia, (1957), É catedrático de Xeografía e Historia e escritor. Recibiu innumerables premios de poesía, narrativa, novela e ensaio.

Presentacións, obradoiros e concertos no stand da Deputación en Culturgal

A Deputación da Coruña levou á feira pontevedresa Culturgal a presentación de libros dos premios literarios, unha exposición do Ksado de fotografía ou o concerto das gañadoras na recente edición do Quero Cantar, entre outras iniciativas. O Culturgal desenvolveuse desde o 29 de novembro ao 1 de decembro.

A área de Cultura da Deputación da Coruña instalou un stand desde o que deu a coñecer a súa acción no sector,



desde a Rede Cultural até as distintas convocatorias de axudas, o seu apoio aos sectores culturais, a promoción da creación coa convocatoria dun am-

plo abano de premios en distintas disciplinas artísticas ou a contribución á profesionalización e especialización de profesionais do sector.

...Ven da páxina anterior

de ecolóxico.

-A quen desexe emprender dentro das novas tecnoloxías?

O primeiro facer unha análise das necesidades das empresas

e logo escoller en que terreo se quere operar. Se unha empresa precisa determinados aportes tecnolóxicos, hai que facer un estudo das empresas que o necesitan e fabricar eses

aportes. En Galicia temos pouca produción tecnolóxica que forneza as empresas, todo iso mércase fóra.

-Alguén que queira emprender en medios de comunicación?

O primeiro de todo é ter moito máis en conta as plataformas dixitais. Hoxe por hoxe polo que vexo o cento por cento da xente nova mira as noticias vía teléfono móbil.

Dentro do sector da comunicación, habería que incorporar ao sector empresarial para que haxa información económica de Galicia, que penso que é do menos tratado.

Galicia

Redacción SANTIAGO

Sánchez Bugallo afirma que as actuais regras de gasto para os concellos son "inxustas e negativas para a cidadanía"

O alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo participou na apertura da X Asemblea Xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), que, baixo o lema "O valor do poder local", se celebra no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago.

A preguntas dos medios, o alcalde sinalou que a maior parte dos problemas que "están condicionando a actividade municipal" dependen do Goberno central. "Estamos a falar

da regra de gasto e das diferentes disposicións económicas do ministro Montoro, que seguen en vigor e que están sendo dunha perversidade inimaxinable".

Sobre esa regra de gasto, herdanza da época Montoro, Sánchez Bugallo puxo exemplos: "os concellos, se non gastaron cartos o ano pasado, non os poden gastar ao seguinte; un concello se non ten débeda, tampouco se pode endebedar". Son unhas regras, engadiu, que "non se aplican nin ás comu-

nidades autónomas nin ao propio Estado e que están condicionando e limitando gravemente a actividade municipal".

Segundo o alcalde, "está habendo toda unha serie de limitacións que teñen un único fin: evitar que os concellos gasten cartos". En realidade, di, con iso a quen se está a prexudicar é aos veciños e veciñas, xa que, explicou, "a Administración local é, con enorme diferenza, a máis saneada e a menos endebedada das Administracións públicas".



Concluíu Sánchez Bugallo que é imprescindible modificar as "leis de Montoro", que ao Estado lle veñen moi ben, porque se xera un superávit ficticio que tapa o déficit excesivo doutras administracións públicas". Pero iso, rematou, "é inxusto e negativo para a cidadanía, porque afecta aos servizos que se lle ten que prestar".

Asemblea

Nesta Asemblea da FEGAMP estaba previsto aprobar as normas de funcionamento interno,

presentar a memoria de xestión do período 2015-2019, constituir a mesa da Asemblea e debater as distintas propostas de resolución. Xa pola tarde, escolleranse os órganos de goberno da FEGAMP.

A Federación Galega de Municipios e Provincias é unha entidade asociativa constituída polos 313 concellos galegos, as catro deputacións provinciais e as nove entidades locais menores existentes no ámbito territorial de Galicia.

Ampliado o prazo de inscrición para o Programa de Conciliación de Nadal

Para inscribirse deberase estar empadroadado no Concello de Santiago ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago. Tamén se fixaron prezos especiais, con reducións do 50% ou do 100% do custo para familias con escasos recursos.

A inscrición para a Matrícula Programa de Conciliación de Nadal estará aberta ata o xoves 12 de decembro. Desenvolverase durante os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2019 e o 2, 3 e 7 de xaneiro de 2020 no CEIP Monte dos Postes e no CEIP Ramón Cabanillas.

O Programa de Conciliación está dirixido á nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos que cursen estudos de Infantil ou Primaria en centros educativos de Compostela. O seu obxectivo é favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos rapaces e rapazas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

O horario do campamento de Nadal será de 9:00 a 14:00 horas.

Tamén se ofrece a posibilidade de que as familias poidan solicitar a maiores un servizo de madrugadores con almorzo de 7:45 a 9:00 horas, e un servizo de comedor, de 14:00 a 16:00 horas.

As familias teñen a opción de elixir a modalidade completa, para os nove días, ou xornadas soltas. A previsión de participantes é de 100 entre os dous centros e de 50 participantes tanto no servizo de comedor coma no de madrugadores.

No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público.

En canto aos prezos, oscilan dende os 181,35 euros da modalidade completa, madrugadores con almorzo, xantar e actividades, ata os 11,25 euros da modalidade de só actividades nun día solto. Haberá descontos do 20% para quen acredite ser familia numerosa ou monoparental, ou cando participen dous irmáns no programa. Tamén se fixaron prezos especiais, con reducións do 50% ou do 100% do custo para familias con escasos recursos.

Carreira do Conde volverá acoller o Mercado de Nadal

O Mercado de Nadal abrirase o vindeiro xoves, 5 de decembro, ás 12:00 horas, na rúa da Carreira do Conde. Permanecerá aberto ata o 5 de xaneiro en horario de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:30 horas. O Mercado estará pechado os días 24 e 25 de decembro e 1 de xaneiro. O día 31 de decembro só abrirá pola mañá.

Durante esas cinco quendas haberá 56 expositores de decoración propia da época, alimentación gourmet e artesanía. Para favorecer que o Mercado se converta nun espazo de ocio para a familia, esta oferta complementase cunha selección de food trucks de comida galega e internacional.

Como novidade nesta edición, as tres primeiras quendas que van do xoves 5 de decembro a martes 10, mércores 11 a martes 17 e mércores 18 a luns 23, estarán dedicadas en exclusiva á decoración de Nadal e á alimentación selecta, facilitando ao público a preparación da casa e dos menús para estas datas especiais. As quendas finais, que van do xoves 26 a luns 30 e martes 31 a domingo 5 de xaneiro, resérvanse para os produtos de artesanía e regalo orixinal,



coa data da Noite de Reis como horizonte.

Actividades diarias

O Mercado de Nadal leva aparelada unha completa programación, ao inicio nas fins de semana e despois practicamente a diario. As actividades estarán dirixidas á infancia, ás familias e ao público en xeral. Haberá obradoiros de manualidades, xogos e contacontos nun espazo especialmente disposto ao efecto.

Durante os días de maior afluencia realizarase a actividade Nadal Ciclo, na que unha bicicleta decorada e conducida por actores caracterizados para o momento transportará a nenos e nenas pola Carreira do Conde coñecendo o Mercado. Ademais, a rúa acollerá actuacións musicais do grupo UCT Ulteira e dos coros Centro Xove, Brincadeira, Hermano Gómez, Ponte Mantible, Santa Susana, Coto da Nai, Agarimos, Colexiata de Sar, LaSalle, A Xuntanza, Xúbilo e Amigos de Compostela.

A programación completa poderá consultarse na web www.mercadonadal.com.



Entrevista

Por Moncho Mariño

O conselleiro de Sanidade non aclara se vai reducir o persoal de cociña do CHUO

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, non aclarou no Pleno do Parlamento se vai reducir o persoal de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), na súa resposta a unha pregunta da deputada do Grupo Común da Esquerda, Eva Solla. “Cal vai ser o número de traballadores que vai haber por categoría profesional, por quenda e no global?”, inquiriu Solla, sendo coñecedora de que “dixeron que non ían reducir persoal, pero na actualidade o orzamento recolle 113 pinches de cociña, cando en realidade traballan 96, e só 22 son fixos”.

Ante isto, a deputada advertiu que “as traballadoras e os traballadores non se fian” porque “como a maioría non teñen unha praza estabilizada



Eva Solla durante a formulación da pregunta

nese servizo, poderían mover traballadores e reducir as prazas das persoas que están de xeito eventual”. Solla tamén denunciou que “sofren unha elevada precariedade e moita carga de traballo, o que provoca accidentes laboris. Realizan mil menús diarios e esta carga vai aumentar pola súa decisión de trasladar o servizo do hospital de Verín”.

Eva Solla esixiu ademais que se abra canto antes a nova co-

ciña, xa que o actual espazo “é insalubre e perigoso para o persoal, que ten que desempeñar as súas funcións en condicións inaceptables”. Así, denunciou que hai ratas, houbo desprendementos do teito e estalou a porta dun forno, entre outros incidentes. “Vostedes saberán en que gastaron os cartos, nós aínda non o sabemos porque seguen sen abrir a nova cociña”, remarcou.

As alcaldesas terán un “papel protagonista” na FEGAMP “por primeira vez na historia”



O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero reuniuse cos alcaldes e alcaldesas que formarán parte dos órganos directivos da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Caballero destacou que a próxima directiva da Fegamp, que lidera o PSdeG, será paritaria “para amosar a importancia e o noso compromiso coa igualdade real”. “Por primeira vez na historia da Fegamp, as mulleres terán o peso que lles corresponde”, reivindicou Caballero.

Como detallou, acompañarán ao seu presidente, Alberto Varela catro mulleres e catro homes. Así, a alcaldesa de Betanzos, María Barral, será a vicepresidenta

executiva, e estarán tamén as rexedoras de Vimianzo (Mónica Rodríguez), Castro Caldelas (Sara Inés Vega) e Trabada (Mayra García), así como os rexedores de Cariño (José Miguel Alonso Pumar), Pontecaldelas (Andrés Díaz), O Carballiño (Francisco Fumega) e Pedrafita (José Luis Raposo).

O líder dos socialistas galegos fixo unha valoración sobre a consulta á militancia que celebrou o PSOE sobre o acordo de goberno con Unidas Podemos. En Galicia, un 94% dos afiliados socialistas -dixo o secretario xeral- amosaron o seu respaldo a “un goberno progresista forte, que manteña as políticas de benestar e avance, e que free os riscos das dereitas e a ultradereita”.

Fernández Leiceaga será senador por designación autonómica

O Pleno do Parlamento elixiu ao socialista Xoaquín Fernández Leiceaga como un dos tres senadores por designación autonómica que se incorporarán á Cámara Alta na Lexislatura que agora comeza. O tamén portavoz do Grupo Socialista no Parlamento agradeceu o apoio da Cámara autonómica e comprometeu o seu traballo “favorecendo un goberno progresista que impulse a axenda social”.

Fernández Leiceaga considera un “honor” a designación polo Parlamento de Galicia para formar parte da “maioría progresista” que se conformará no Senado logo das últimas eleccións



e que “Galicia tamén está reclamando co seu voto” amplamente maioritario para as opcións de esquerda.

Gonzalo Caballero suspende a Feijóo en asuntos fundamentais

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, denuncia que Feijóo “cada día é un problema máis grave para os galegos”, posto que acumula

“suspensos” en eidos fundamentais da súa competencia como a igualdade, a xestión da sanidade pública, a industria e a política social. O secretario xeral critica a

“ineficiencia” da Xunta na xestión da crise de Barreras ou o “castigo” que inflíxe á cidadanía cunha política sanitaria de “recortes e privatizacións”

A sanidade pública, “prioridade” para unha Xunta do PSdeG

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, mantivo unha xuntanza cos membros do partido en Ourense para analizar o “desmantelamento” da sanidade pública do que acusan a Feijóo. “A sanidade pública galega está nunha situación crítica”, denunciou Caballero, quen sina-

lou que “a política do PP en materia de xestión sanitaria implica un retroceso que acabamos sufrindo os galegos” en forma de aumento das listas de espera e de falla de profesionais. Por iso, garantiu que a sanidade pública será “unha prioridade fundamental” para o novo goberno galego liderado polo PSdeG.

Termatalia nunha mesa redonda en Bruxelas

Manuel Baltar, na súa calidade de presidente da European Historic Thermal Towns Association (E. H. T. T.A.) e do Comité Asesor de Termatalia, tomou parte nunha mesa redonda sobre "O futuro sustentable do turismo de saúde en Europa" que se desenvolveu na sede do Parlamento europeo, en Bruxelas, no marco da "European Health Tourism Industry Summit".

O panel estivo moderado polo director executivo da Comisión Europea de Turismo, Eduardo Santander, e tamén

interviñeron a representante da Dirección Xeral de Desenvolvemento e Turismo da Comisión Europea, Girma Anuskeviciute; o presidente da European Spas Association, Thierry Dubois; a secretaria xeral da Asociación Europea de Hospitais, Iliana Giannico e a comisaria da ITB de Berlín, Rika Jean- Francois.

Baltar destacou a proposta de valor do turismo termal ante un consumidor potencial, que segundo o recente informe da Organización Mundial do Turismo (O.M.T.) busca experiencias que contribúan á

mellora da súa saúde, á vez que demanda produtos turísticos sustentables, como son os que ofrecen as cidades termais europeas que integran a rede da EHTTA, e que preservan tanto o recurso natural da auga como o seu patrimonio histórico. Manuel Baltar estivo acompañado nesta participación pola directora de Termatalia, Emma González.

Puxo en valor o papel de Termatalia para contribuír a proxectar á cadea de valor do sector, non só en termos de ingresos por termalistas senón de xeración de oportunidades



Asistentes á Conferencia no Parlamento Europeo.

para toda a industria, desde a captación do recurso ata a formación, pasando pola consultoría, a arquitectura ou a tecnoloxía. Puxo de exemplo o impulso que realizan as vilas termais e o modelo de traballo que creou a Deputación xunto coa Universidade de Vigo me-

dante o Observatorio do Medio Rural coa prioridade de analizar e afrontar o reto demográfico. Esta Conferencia reuniu a un centenar de representantes do ámbito público e privado de Francia, Alemaña, Bulgaria, Italia, República Checa, Bulgaria e Eslovaquia.



Xantar

VIVE A **EXPERIENCIA**





www.xantar.org

**OURENSE,
5 6 9
febreiro
2020**

SHOWCOOKINGS



DESTINOS




RESTAURANTES



CATAS
TÚNEL DO VIÑO



















Vivendas para Ribadeo e Mondoñedo

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo entrega de dúas vivendas de promoción pública nos concellos de Ribadeo e Mondoñedo. Nos actos participou o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, quen aproveitou para instar ás persoas interesadas en optar a este tipo de adxudicacións a inscribirse no Rexistro Único de Demandantes.

En Ribadeo entregouse un piso de dous dormitorios con garaxe e trasteiro, que mide 65 metros cadrados e está situado na rúa Rafael Fernández Cardoso. Neste caso, adxudicouse en compravenda, polo que se transfere a propiedade ao adxudicatario.

A vivenda adxudicada en Mondoñedo consta tamén de dous dormitorios e ten unha superficie de 55 metros ca-



Entrega de chaves dunha vivenda.

drados; está situada na rúa Viñas da Veiga e adxudícase en réxime de alugueiro.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) xestiona as listas de adxudicatarios existentes nos distintos municipios, que se elaboran mediante sorteo entre as persoas que figuran inscritas no Rexistro Único de Demandantes. A inscrición pode realizarse presencialmente ou a través da sede electrónica da Xunta

e ten unha vixencia de tres anos.

En Mondoñedo ademais a Xunta ultima, as obras de rehabilitación dun edificio na praza dos Muíños, que dará como resultado dúas novas vivendas de promoción pública de catro e tres dormitorios respectivamente. Tan só quedan pendentes para a súa finalización pequenos remates na obra e varios trámites administrativos.

As obras para a depuradora de augas residuais en Viveiro en licitación



As obras comezarán no verán de 2020.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, destacou a licitación das obras de ampliación e mellora da depuradora de Viveiro, cuxo custe asumido pola Xunta, e cofinanciado co fondo europeo FEDER, rolda os catro millóns de euros. A conselleira presentou en rolda de prensa os detalles desta contratación, cuxa licitación foi axilizada ao máximo tras a súa aprobación onte no Consello da Xunta, tan só 15 días despois de que o Concello de Viveiro remitise a documentación pendente.

Unha actuación que ten

como obxectivo ampliar a capacidade e mellorar o grado de depuración previo ao emisario de todas as augas residuais de Viveiro, incluídas as deste núcleo de Celeiro. Permitirá tratar a totalidade das augas residuais xeradas no municipio, incorporando cunha nova conexión os procedentes da rede de Celeiro, que actualmente non van á depuradora. Á vez que se dará solución aos problemas detectados na actual depuradora, que xestiona o Concello, pois as deficiencias na súa conservación e mantemento fan que a capacidade de depuración real sexa menor da inicialmente prevista.

Melloras nos centros educativos de Viveiro

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acometeu traballos este verán en colexios e institutos do concello, todos concluídos agás unha actuación en Celeiro que está a piques de rematar. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou o CEIP Santa Rita, en Galdo, onde se fixeron reformas no patio infantil, no que se instalou pavimento de caucho nuns 130 metros cadrados de superficie da área de xogos. Balseiro salientou que esta actuación contribúe “a suavizar os impactos nas posibles caídas dos pequenos e pequenas”, ademais de minimizar charcos ou inundacións no caso de choiva, ao tratarse dun material poroso.

Esta medida forma parte do programa de reformas que o Goberno galego desenvolve



No CEIP Santa Rita, en Galdo, instalouse pavimento de caucho no patio infantil.

durante o verán nos centros educativos da provincia, explicou o delegado, quen sinalou que a Xunta “impulsa obras de gran envergadura e tamén iniciativas de menor entidade pero moi relevantes para garantir o bo estado e modernización das instalacións educativas”.

No caso de Viveiro, Balseiro destacou que este ano tamén se fixeron obras no CEP Luís

Tobío (melloras nos aseos); CEIP de Celeiro (cambio de portas no primeiro andar); IES María Sarmiento (substitución dunha caldeira); IES Vilar Ponte (cambio de ventás) e na EEI San Roque, onde se fixeron diferentes reformas, como a construción dun rocho na sala de caldeiras. Todos estes traballos están concluídos agás a actuación de Celeiro, que está a piques de finalizar.

En Marea reclama máis inversión para Ribeira Sacra, O Iribio e O Courel

En Marea presentou no Parlamento de Galicia unha proposta para que a candidatura a declaración de reserva da biosfera da Ribeira Sacra e as Serras do Iribio e Courel teña respaldo tanto no económico como na acción de preservación dos territorios desde o punto de vista natural.

O deputado de En Marea, Davide Rodríguez, defendeu un incremento dos recursos

de ata un millón de euros e, entre outras medidas, paralizar os parques eólicos proxectados ou en obras para os territorios que aspiran a conseguir esta protección. Ademais dos recursos e da protección ambiental, En Marea propón tamén a celebración dunha serie de foros para debater sobre a reserva nos que participen os colectivos sociais de todas as poboacións afectadas por esta denominación.

A Xunta renova parte da rede de auga en Vilalba

A Xunta de Galicia achega 198.100 euros ao Concello de Vilalba para executar as obras de renovación da rede de abastecemento de auga na avenida Terra Chá e na rúa Bispo Rouco Varela. A intervención conta con financiamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental.

A actuación na avenida Terra Chá comprende o treito dende o cruzamento coa rúa Alcalde Fraga Bello ata a intersección coa rúa Benxamín Paz. Tanto nesta avenida como na rúa Bispo Rouco Varela, o proxecto

incluíu a renovación das canalizacións e acometidas domiciliarias da rede municipal de abastecemento, co obxecto de incrementar a súa capacidade e garantir o seu bo funcionamento. Tamén a substitución das canalizacións de alumeadado público. Unha vez instaladas as novas tubaxes e canalizacións, programouse a renovación completa do pavimento das beirarrúas, incluídos os bordos, para mellorar o seu estado e condicións de accesibilidade. Tamén se preveu a reposición do pavimento da calzada afectado pola execución das obras.

Na avenida Terra Chá, o proxecto incluía a colocación de

bolardos fixos de aceiro na beirarrúa da marxe esquerda da calzada-, a partir do punto quilométrico 0,100- para evitar o aparcamento de vehículos sobre ela. A avenida Terra Chá é unha das arterias principais do núcleo urbano de Vilalba e a rúa Bispo Rouco Varela comunica a zona do mercado e o pavillón municipal coa rúa Galicia, na que están ubicados importantes servizos coma os centros educativos ou os Xulgados.

O delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, destacou que o Fondo de Compensación Ambiental “serve para incrementar e modernizar as infraestruturas municipais, co obxectivo de mellorar a eficiencia no apro-



José Manuel Balseiro e a alcaldesa Elba Veleiro.

veitamento dos recursos, avanzar na sustentabilidade e promover a biodiversidade e a calidade medioambiental”.

O Xulgado de Paz de Ribadeo ubícase nun local da Xunta

A Xunta de Galicia vai investir 41.800 euros para acondicionar un local da súa propiedade situado na rúa Clemente Martínez Pasarón de Ribadeo ao que se trasladará temporalmente o Xulgado de Paz. O delegado en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou as instalacións acompañado polo alcalde, Fernando Suárez. Balseiro subliñou que se chegou a “unha solución construtiva e de desbloqueo” ante a situación de deterioro na que se atopan as dependencias actuais do xulgado, de titularidade municipal. O servizo se instalará nun baixo de 62 metros cadrados que pertence ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, e as obras serán financiadas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Realizáranse traballos de albanería, fontanería ou electricidade, entre outros, para habilitar un



Ubicación provisional do Xulgado de Paz.

arquivo, aseo e dúas oficinas.

Balseiro apuntou que se trata dunhas instalacións máis accesibles, céntricas e en óptimas condicións, nos que prestar un servizo de calidade aos cidadáns en tanto non se dispoña de sede definitiva. Neste sentido, lembrou que os xulgados de paz son servizos compartidos entre a Xunta e os concellos, de forma que corresponde a estes achegar e conservar os locais e ao Goberno galego dotalos de persoal. Neste caso, ante a mala situación das dependencias

que se viñan utilizando en Ribadeo, foi necesario barallar outras alternativas.

Finalmente, a solución definitiva pasará polo traslado a un inmoble que está previsto que sexa no futuro de titularidade municipal -a coñecida como Casa da antiga Telefónica-, preto do emprazamento actual. En tanto o concello non adquire a propiedade e se realizan as obras oportunas, a Xunta promove esta solución provisional para mellorar as condicións de traballo do persoal e de atención aos usuarios.

Xubilación do director da residencia de maiores de Monforte



Despedida de Isaac López Somoza.

Isaac López Somoza, director da residencia de maiores de Monforte de Lemos xubilouse en novembro. Celebraron a despedida cunha comida no Bodegón Ribeira Sacra de Monforte de Lemos á que acudiron compañeiros e compañeiras ademais da xefa territorial de Política Social en Lugo, Cristina Abades e o delegado territorial da Xunta de

Galicia en Lugo, José Manuel Balseiro. Isaac López Somoza incorporouse ao centro como director o 14 de marzo deste ano. Veciño de Monforte e enfermeiro de profesión, dispón tamén do título de axudante técnico sanitario e dunha licenciatura en xornalismo. Anteriormente traballou como enfermeiro no hospital comarcal de Lemos.

A Xunta adxudica a modernización das fachadas do hospital da Mariña

O portal de contratos públicos de Galicia dá conta da resolución da Consellería de Sanidade pola que se adxudica á empresa Ogmios Proyecto, S.L. a obra de mellora e modernización da fachada do Hospital público da Mariña lucense, unha iniciativa na que o Goberno galego investirá 1.824.680 euros. Os traballos consistirán fundamentalmente na igualación nas súas características das fachadas do edificio novo e do máis antigo, mediante a substitución da carpintería exterior (portas e ventás) e a mellora das envoltamentos térmicos, o que reforzará a capacidade de illamento térmico e acústico.

O orzamento desta actuación exterior desenvólvese en dúas anualidades: Para o ano 2019



Infografía do hospital.

a Xunta reserva 350.561 euros e, en 2020, nas que se executarán obras por valor de 1.474.118 millóns de euros, ata completar os 1,8 millóns do orzamento total dispoñible. A obra, que debe entenderse

incluída na segunda fase do proxecto de ampliación e remodelación integral do hospital de Burela, contará cun prazo de execución de nove meses. A adxudicación desenvolverase de xeito paralelo coas obras

interiores que neste momento a Xunta centra nos espazos máis antigos, sometidos a unha fonda reforma, incluído a transformación das habitacións dobres máis antigas en novas de uso individual.

Características

As actuacións propostas da envolvente do edificio proxectáronse, (en canto á elección dos materiais) de maneira que se logre a unificación estética de todos os edificios que compoñen o Hospital da Costa. No que respecta ás portas e ventás exteriores procederase á instalación de carpintería de aluminio sobre premarco de aluminio, con vidros Climalit Plus, formados por vidros flotados con cámara de aire. As carpinterías a colocar substitúen ás que actualmente están constituídas por dobre fiestra corre-

dera con persiana intermedia.

As fachadas con orientación Sur disporán adicionalmente dun novidoso sistema de protección fronte á radiación solar mediante capa magnetronica de control solar e baixa emisividade. Todo o edificio contará cun sistema de illamento térmico e acústico con tecnoloxía tipo SATE formado por paneis semirrixidos de lá de roca de 8 centímetros de espesor.

Tamén ten previsto actuarse no conxunto de cubertas inclinadas do hospital, rehabilitadas no ano 2009, e consistirá fundamentalmente na substitución do material de cuberta primitivo (pranchas de fibrocemento) por un panel sándwich de aceiro e na remodelación integral das baixantes e canlóns pluviais.

A pavimentación da rúa do Cardenal sae a licitación

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, anunciou a publicación na Plataforma de Contratos do Estado a licitación do proxecto de repavimentación da Rúa do Cardenal de Monforte, "a que é", en verbas do alcalde, "a rúa escaparate da nosa cidade, a rúa máis emblemática pola que veciños e visitantes, nalgún momento pasan, e sobre a que é necesario acometer unha reforma integral, tal e como xa anunciamos o pasado mes de setembro". O prezo de licitación da mesma é de 287.707,02 euros.

O proxecto de mellora desta rúa foi elaborado pola empresa monfortina Abante que, tras levar a cabo varias análises en sucesivas visitas á rúa, salientou a necesidade dunha reforma integral de dita rúa do Cardenal.

Este proxecto foi aprobado no Pleno ordinario municipal celebrado o pasado día 30 de setembro.

O financiamento previsto para levar a cabo este proxecto de mellora será levado a cabo con remanentes de fondos municipais. O prazo de execución da obra, unha vez adxudicada será de 56 días. Calcúlase que a finais do mes de decembro se poida proceder á sinatura do contrato e a previsión para o inicio das obras, se a climatoloxía o permite, será na semana do 13 de xaneiro, unha vez pasadas as festas de Nadal.

O proxecto enmárcase dentro do plan do Equipo de Goberno do Concello de mellorar a cidade, algo que se levou a cabo en máis de 80 rúas da cidade du-



rante o anterior mandato e que continua nos tres meses que levan transcorridos da nova etapa de goberno. Deste xeito, desde comezos do verán abordáronse obras de mellora nas rúas Benito Vicetto, Lagares, López Espinosa, Chamoso Lamas, Santa Clara-A Veiga, a pasarela Calvo Sotelo-As Cruces, o acceso ó Miradoiro do Duque, a beirarrúa da rúa Corredoira, as pistas de As Lamas ou a mellora en 8 pistas do rural así como de varios camiños de titularidade municipal en diversas parroquias.

O Concello de Monforte aprobou subvencións a asociacións

O equipo de goberno do Concello de Monforte ven de aprobar a concesión de subvencións a asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para actividades realizadas no exercicio 2019. A contía destinada a estas subvencións ascendeu a 12.000 euros, sendo 1.000 euros a contía máxima para cada subvención. As asociacións teñen de prazo ata o día 13 de decembro para xustificar a subvención concedida.

O alcalde, José Tomé Roca, resaltou que "o que pretendemos con esta liña de axudas é apoiar e incrementar as actuacións culturais da nosa cidade, a través do fomento de charlas,

coloquios, conferencias, publicacións, concertos, eventos, etc., que sexan de interese xeral para os cidadáns ou sobre algún colectivo que mereza especial atención. E tamén, queremos contribuír ó aumento do asociacionismo de tipo cultural, artístico e creativo na nosa cidade".

O alcalde concluíu salientando que "con estas axudas dende o equipo de goberno do Concello apoiamos ás iniciativas, actuacións e programas que contribúen á dinamización da vida cultural de Monforte, actividades que complementan os programas dos servizos culturais municipais e que se dirixen á comunidade en xeral."

A Xunta mellora a residencia de maiores de Castro Caldelas

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, supervisou as obras de mellora que se están a executar na Residencia de Maiores da localidade de Castro Caldelas de titularidade e xestión propia da Consellería de Política Social.

Os traballos consisten no cambio de carpintería exterior, con novos despezaementos resolvendo a seguridade, e reparacións diversas, entre elas pintado e substitución de portas e que se prevén estarán finalizados en dúas semanas. Contan cun investimento global de 120.000 euros.

Díaz Mouteira anunciou a próxima licitación, por un importe de 300.000 euros, das obras de rehabilitación integral deste centro residencial que dada a súa antigüidade é necesario renovar. Segundo o proxecto, actuarase sobre a envolvente do edificio mellorando o confort térmico dos residentes. Subs-



A residencia leva 30 anos aberta.

tituiranse as instalacións de electricidade, iluminación, saneamento e fontanería. Estas actuacións, combinadas coa nova caldeira de biomasa que se instalou o pasado ano, garantirán una substancial mellora de confort térmico e un considerable aforro enerxético.

En opinión de Díaz Mouteira as actuacións previstas nesta residencia "buscan mellorar a comodidade, confort e benestar dos residentes". Nesta liña, a delegada terri-

torial defendeu o labor desenvolto polo Goberno Galego para seguir aumentando os recursos públicos que atendan aos nosos maiores e que garanta que poidan vivir en plena liberdade e contar co apoio que necesitan.

Ademais, Marisol Díaz reivindicou o papel das persoas de máis idade para o conxunto da sociedade galega e garantiu que a Xunta seguirá a traballar para que se poida elixir como e onde quere un facerse maior.

Convenio de colaboración



José Carlos Mouriz, Carlos R. Morante e Alejandro Rubín.

O hospital Centro Médico El Carmen e a Orde do Camiño de Santiago selan un convenio de colaboración como mostra da súa mutua cooperación e irmandamento entre ambas as entidades. O documento foi rubricado polo director executivo de Centro Médico El Carmen, José Carlos

Rodríguez Mouriz, e o vicepresidente executivo da Orde, Alejandro Rubín, nas instalacións do Centro Médico. Este convenio marca o inicio dunha serie de actuacións que se desenvolverán ao longo do ano, e que contempla a posta en marcha de actividades ligadas á promoción do Camiño de Santiago.

O Grupo Común da Esquerda considera inadmisíble o peche do servizo de partos do Hospital de Verín

A deputada do Grupo Común da Esquerda, Eva Solla, considera "inadmisíble" o peche do servizo de partos do Hospital de Verín. "É a crónica dunha morte anunciada, que levan moito tempo denunciando os e as profesionais", sinalou Solla, que ademais valorou que a supresión deste servizo "confirma o baleirado dos hospitais comarcais, tal como denunciámos, tanto

cando se suprimiron as súas áreas sanitarias, como cando se modificou a Lei de Saúde de Galicia".

Polo tanto, Solla criticou que este peche "forma parte da decisión do PP de recortar os servizos sanitarios no rural e vai en contra da afirmación de Feijóo de que esta ía ser a lexislatura do rural e ía solucionar o problema da despoboación".

A deputada engadiu que a

perda do servizo de partos e o seu traslado Ourense, é "inaceptable, non só polos despezaementos que terá que facer a xente, senón porque tamén se perde un servizo básico se queremos que nazen nenos e nenas e se manteña a natalidade nos pobos e vilas do rural". Deste, xeito anunciou que "dende o Grupo Común da Esquerda xa levamos tempo denunciándoo e imos levalo de novo a debate".

Ana Miranda acode ao Congreso do Partido dos Trabalhadores de Brasil



A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, participou no 7º. Congreso Nacional do Partido dos Trabalhadores do Brasil-PT que se celebrou en Sao Paulo, do 22 ao 24 de novembro. Este congreso contou cunha especial atención internacional tras a liberación do ex Presidente do Brasil, Luis Inácio "Lula" da

Silva, que participou na inauguración.

"A nosa participación neste congreso servirá para reforzar as relacións que temos desde hai anos co PT, pero tamén para amosar a nosa solidariedade co ex presidente Lula", afirma a Coordinadora de Relacións Internacionais da Executiva Nacional do BNG.

Galicia

Redacción OURENSE

O Sergas constrúe un novo centro de saúde no Pereiro de Aguiar

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, e o alcalde do Pereiro de Aguiar en 2016, Eliseo Fernández Gómez, asinaron fai tres anos un convenio de cooperación para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no municipio a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade mediante unha máis rápida atención asistencial á cidadanía. As obras van a bo ritmo e calculase que estarán rematadas no primeiro trimestre do ano que vén.

Segundo o convenio, o Concello do Pereiro de Aguiar comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Sergas dunha parcela libre de cargas e gravames, coa clasificación de uso sanitario. Ademais, asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro das infraestruturas necesarias, tales como acceso rodados e peonís, abastecemento de agua, saneamento e subministración eléctrica.

Pola súa banda, o Sergas comprométese á elaboración e de ser o caso, á supervisión, e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos.

O Servizo Galego de Saúde realizou un plan funcional no que se contemplan tres consultas de medicina xeral, dúas de enfermería, unha para a matrona, unha consulta da muller, unha sala polivalente, unha de pediatría, unha de enfermería pediátrica, e unha sala de educación sanitaria, ademais dou-



O actual centro de saúde xa queda pequeno.

tros espazos como aseos, almacéns e sala de xuntas.

O conselleiro de Sanidade dixo que segundo as liñas da estratexia do Sergas queres modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria. “Queremos facelo de xeito sostible e para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns.

Neste caso, falamos dos preto de 3.500 pacientes aos que se presta atención primaria no actual centro de saúde”. Almuiña lembrou que esta mellora das instalacións vaise acometer con cargo aos recursos adicionais dos que dispón o Goberno galego como consecuencia do cumprimento do déficit.

Protagonismo dos atletas do Pereiro

Foi excelente a representación da Escola de Atletismo do Pereiro de Aguiar nos programas Xogando ao Atletismo, Cerimonia de premiación de Correndo por Ourense (ambos en Sportur Galicia) e na XLIII carreira pedestre de San Martiño. En todos os eventos estivo representado o club cun máis de 50 participacións.

No primeiro deles con tres equipos mixtos que gozaron dunha actividade que debería continuar no tempo. Na carreira do San Martiño máis de 30 participacións nas categorías menores, alcanzando lugares de privilexio como o primeiro posto de Naroa Pereira Tesouro na categoría



Atletas no stand do Concello en Sportur Galicia.

sub12, 5º de Uxía López, 6º Ainocha Rodríguez, 8º de Sandra Pérez e 10º de Daniel Carid. Nas súas respectivas categorías. Tamén destacar aínda que a carreira inclusiva non era compe-

titiva, o primeiro posto de Lara López. Na Cerimonia de Premiación subíronse todo o máis alto do pódium: Naroa Pereira (sub12) e Sandra Pérez (sub 14), e Alex González subcampión (sub 18).

O Concello do Pereiro de Aguiar amplía horario

O Concello de Pereiro de Aguiar decidiu ampliar o seu horario de atención ao público ata as 15.00 horas para facilitarlles aos veciños o realizar calquera xestión presencial cun amplo horario. Desta forma, abrirá media hora antes e pechará media hora despois. Ademais, desde agora os veciños poden obter de forma inmediata certificados e históricos de empadramento, e recibos acreditativos de recepción de documentos electrónicos



presentados a través de rexistro electrónico. Tamén este Concello implementa a recepción de avisos e avarías vía Whatsapp, que evita chamadas ou comunicacións presenciais, reducindo así o tempo de resposta e a resolución das incidencias.

 Servizos Ourense ☎ 678 578 161 📞 988 044 834 www.servizosourense.es	CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	 jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48 www.inmobiliariajba.com jba.couto@ymail.com	 Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño · Impresión · Rotulación · Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 · Ourense
---	--	--	---

Vivamos como galegos! **GADIS**

#ONADAL GALEGO



MOLA

#SERGALEGXMOLA

vivamoscomogalegos.com

Galicia

PONTEVEDRA

A Deputación envórcase co Culturgal, “cando estamos a vivir unha revolución cultural extraordinaria”

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, salientou que a Feira das Industrias Culturais de Galicia, Culturgal, que se desenvolveu do 29 de novembro ao 1 de decembro no Recinto Feiral pontevedrés, reinvéntase cada ano e que a súa vindeira edición “será a mellor da historia”.

Este ano, a institución apostou “pola sustentabilidade, pola igualdade, pola inclusión e a accesibilidade” nas actividades que comezaron xa o 29 de novembro coa performance “A última cea”, acto enmarcado no programa da Deputación “Mulleres en Acción. Violencia Zero”, “onde 25 mulleres amosan a loita contra a violencia das mulleres dende a cultura”.

Xa o sábado, presentáronse

as propostas culturais dos 40 concellos da provincia. Así mesmo, o stand da Deputación acolleu a presentación da obra “María Vinyals, a muller do porvir. Sete vidas baixo a sombra dun castelo”, do pontevedrés Diego Piay, que realizou “unha investigación profundísima sobre a vida desta gran muller da cultura, que falaba cinco idiomas, que era pintora e escritora e relacionábase con todo o ámbito da cultura tanto galega como do Estado”, destacaba Carmela Silva. Na mesma xornada, presentáronse tamén os contidos da quinta edición do programa “Mulleres en Acción. Violencia Zero”.

No último día de Culturgal, tivo lugar a presentación da programación cultural da Deputación para 2020, “17 Ob-



O Culturgal deste ano céntrase na sustentabilidade, a igualdade, a inclusión e a accesibilidades.

xectivos, 61 Horizontes”, enmarcada nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible marcados pola Axenda 2030. No acto presentaron os programas Musigal e Pontegal.

Amais, o stand da institu-

ción provincial acolleu a presentación da cuarta edición dos Premios María Luz Morales de Ensaio sobre o Audiovisual, organizados pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración coas catro depu-

tacións galegas, e a presentación do libro “Eu son Carolina”, de Javier Carballo, “un mozo de Valga que quixo recuperar a imaxe desta valguesa de sona mundial coñecida como a Bella Otero”.

Silva recolle no Senado un recoñecemento no marco da homenaxe aos 40 anos de democracia local

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto ao presidente da Deputación de Segovia, Miguel Ángel de Vicente, representou ás deputacións provinciais de toda España no acto de recoñecemento no Senado ao municipalismo e aos entes locais. A homenaxe “Corenta aniversario das primeiras eleccións municipais democráticas trala aprobación da Constitución” estivo encabezada polo presidente do Senado, Manuel Cruz, o ministro en funcións de Política Territorial, Luis Planas, e o presidente da FEMP, Abel Caballero.

Carmela Silva amosou a súa satisfacción polo recoñecemento no Senado da labor desenvolvida pola Deputación de Pontevedra que preside, extensivo ás de-



Carmela Silva, num momento do acto.

putacións de todo o Estado. “Sentímolo como un recoñecemento ao traballo desenvolvido polos órganos intermedios, que permiten que os concellos máis pequenos, sobre todo os de menos de 20.000 habitantes, poidan ter garantidos os seus dereitos e servizos e isto, precisamente, é o que nos move a nós dende a Deputación de Pontevedra”, asegurou.

Silva tamén aproveitou a ocasión para recordar que “en España hai 41 deputacións e soamente seis mulleres presidentas, é dicir, supoñemos o 14%, o que significa que nos organismos intermedios aínda queda un longo camiño que percorrer para acadar a paridade”. Neste eido, Silva amosou a súa lelicia por ver que no acto da FEMP no Senado tamén

se recoñeceu o labor desenvolvido polas mulleres, “de tantas mulleres que dende o local levaron adiante as súas ideas e os seus proxectos e transformaron o espazo público cunha mirada en feminino”.

O acto serviu de homenaxe a aquelas persoas que permitiron consolidar a democracia local. Así, fíxose un recoñecemento aos 22 alcaldes que dende 1979 seguen desempeñando o cargo nas súas respectivas localidades. Tamén se recoñeceu, ás primeiras alcaldesas que resultaron elixidas naquela data, á primeira muller que gobernou unha capital de provincia (Valencia), aos alcaldes e alcaldesas nados en 1979, ao actual alcalde máis novo do Estado e ás Deputacións provinciais como elementos de cohesión e equilibrio territorial.

Case 100 persoas rematan cursos de Tecendo Lazos

Un total de 94 persoas finalizan catro cursos formativos do programa da Deputación de Pontevedra “Tecendo Lazos 2019”, cuxo principal obxectivo é crear espazos onde as persoas dunha mesma familia e doutras poidan xuntarse e intercambiar experiencias arredor das temáticas de cada obradoiro. Desta forma, entre o xoves 28 e o venres 30 de novembro clausuráranse os cursos en Barro, Forcarei, Cuntis e Gondomar.

“Tecendo Lazos” oferta este ano accións formativas en 35 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes. co obxectivo de crear lazos afectivos interxeneracionais.

Carmela Silva aboga no Congreso de Empresarias por “cambiar un sistema que discrimina e expulsa ás mulleres”

Sigamos traballando pola igualdade, o valor humano máis xusto que existe e polo único polo que merece a pena loitar”. Con estas palabras a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, reivindicou na apertura do IV Congreso de Empresarias de Galicia a importancia de que “aínda que non somos inxenuas, as mulleres temos que ser optimistas porque imos cambiar o mundo, imos cambiar a realidade inxusta na que vivimos”.

A presidenta provincial tamén insistiu na necesidade de contar a verdade das mulleres “porque é unha obriga moral e ética que temos co 52% da poboación”. “Por iso estamos hoxe aquí”, continuou Silva, “porque temos que cambiar o sistema. Fan falta leis, incentivos, sancións, pero sobre todo un cambio de cultura”. A presidenta apelou á reflexión e fixo un chamamento para tomar medidas efectivas, “porque o sistema expulsa e discrimina ás mulleres, iso é unha realidade”.

Neste eido, Carmela Silva amosou unha serie de datos que “demostran esta verdade, esta discriminación intolerable”. Así, destacou que, segundo o informe “Women in

Business” de Grant Thornton, as compañías españolas, xa sexan cotizadas, grandes, medianas e pequenas, concentran nestes momentos un 30% de directivas. No que respecta ás cámaras de comercio, as mulleres ocupan soamente o 2,44% das presidencias. En canto ao IBEX 35, hai 120 mulleres nos consellos de administración, o que supón o 26,4% das persoas conselleiras.

Por último, a presidenta da institución provincial resaltou que “as mulleres somos talentosas, capacitadas, fortes, valentes e creativas, pero aínda así non somos capaces de alcanzar a igualdade en ningún ámbito”. Malia que, segundo un informe da Organización Internacional do Traballo, un 57% das empresas coinciden en que as iniciativas en materia de igualdade de xénero melloraron os seus resultados comerciais, un 60% afirmaron aumentar as súas ganancias e a súa produtividade, e un 74% das que promoven a diversidade de xénero en cargos directivos aumentaron os seus beneficios entre un 5% e un 20%. “Todos os estudos parecen coincidir en que as políticas de igualdade repercuten de forma moi positiva na macro



Arriba, Carmela Silva, xunto ao alcalde de Vigo, Abel Caballero, atende as intervencións durante o Congreso. Abaixo, momento da alocución de Silva na que se dirixiu aos asistentes.

e microeconomía dos países”, concluíu Silva.

A IV edición do Congreso de Empresarias de Galicia, co lema “Acción e implicación”, buscaba visibilizar e poñer en valor o papel da muller no ámbito empresarial e no desenvolvemento da economía. Neste eido, este evento reuniu a mulleres especializadas en torno á reflexión, debate e información sobre o sector empresarial e o rol feminino.



Case 600 novas prazas para “En ruta coa Depo”

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar a cuarta adxudicación das prazas do programa “En Ruta coa Depo”, unha iniciativa que que permite ás persoas participantes coñecer novos lugares da provincia de Pontevedra. Esta adxudicación supón un orzamento de preto de 10.000 €.

O programa “En Ruta Coa Depo 2019” oferta este ano máis de 20.000 prazas distribuídas en 32 rutas por lugares emblemáticos da provincia divididas en rutas temáticas, rutas culturais, marítimas, rutas adaptadas para persoas con mobilidade reducida, rutas dinámicas e interxeracionais.

A Deputación aumenta a dotación para o Depotermal

A Deputación de Pontevedra aumenta este ano o investimento destinado a Depotermal ata un total de 126.667,84 euros “para facilitarlle ás veciñas e veciños da provincia o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento satisfactorio”. “Con

Depotermal xeramos economía, mantemento de emprego e o máis importante, facilitamos o turismo de saúde”, enzalzou a presidenta da Deputación, Carmela Silva.

En concreto, ofertaranse un total de 4.434 prazas en dous programas termais: de

asistencia diaria ou con pernoita. “Depotermal 2020” está dirixido a persoas empadroadas na provincia nadas antes do 1 de xaneiro de 1970, pensionistas, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% ou a persoas que precisan dun respiro familiar.

Sportur Galicia amosou o bo momento que atravesan o deporte e o turismo activo en Galicia

Expourense recibiu máis de 10.000 visitas das cales a grande maioría participaron nas 60 actividades

Foi o escenario elixido por 36 federacións e clubs deportivos para celebrar campionatos e torneos provincial e autonómico

Por Silvia Pardo

A terceira edición de Sportur Galicia rematou en Expourense logo de comprobar durante dous días (tres se contamos tamén o I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo) o bo momento que viven o deporte e o turismo activo en Galicia e tamén no norte de Portugal. Isto quedou patente sobre todo na xornada final na que se celebraron multitude de campionatos e torneos autonómicos sobre todo e nos que participaron milleiros de deportistas che-

gados de toda Galicia.

O II Torneo Sportur de Kickboxing, o Torneo de Esgrima Antiga Cidade das Burgas, os trofeos absolutos de halterofilia de Galicia, os torneos de kung-fu e taekwondo, o campionato galego de escalada en bloque ou o Torneo de Xadrez Cidade de Ourense foron as probas que maior número de deportistas mobilizaron, superando nalgúns casos os 200 participantes que ademais chegaron acompañados polas súas familias. En total calcúlase que Sportur Galicia superou as 10.000 visitas destacando a ademais que a inmensa maioría

delas participou activamente nas 60 actividades dispoñibles.

O atletismo voltou ser un dos protagonistas durante esta segunda xornada de Sportur Galicia xa que, ademais de ser punto de entrega dos dorsais da Carreira de San Martiño o Clube Atletismo Ourense convocou no recinto aos seus socios e tamén foron entregadas as medallas das distintas probas deportivas "Correndo por Ourense" que organiza o Consello Municipal de Deportes de Ourense. O outro gran protagonista da xornada foi a gymkana hinchable "Iron Children" achegada pola Concellería de Xuventude de Ourense e que chamou a atención de centos de visitantes e tamén dos participantes noutras actividades.

Este salón tamén foi o punto de encontro dos equipos cos seus siareiros como foi o caso do COB que estivo no salón ou dos xogadores do Ourense Club de Fútbol ou da Unión Deportiva Ourense. Destacou tamén a presenza da montañista navarra, Susana Ruiz



Autoridades no stand de Porto e Norte.

Mostazo, quen impartiu unha conferencia sobre "os somos non teñen cima" na que contou a súa experiencia na escalada de cumios como o Everest a pesar da súa diabetes. Foi unha actividade organizada pola Asociación Diabética Auria que tamén realizou as probas de análise de azucre en sangue aos visitantes que quixeron realizalas.

Opcións deportivas

Otras das actividades máis concorridas foron as clases de tecnificación de ximnasia rítmica organizadas polo Clube Marusia de Ourense que convocaron a ximnasta de toda Galicia para recibir dúas xornadas de clase coa olímpica e seleccionadora bielorrusa de ximnasia rítmica junior, Nelly Pischelina.

Sportur Galicia puxo en valor unha vez máis as distintas op-

cións deportivas que poden formar parte dun estilo de vida saudable ao tempo que os destinos e escenarios ideais para practicalas, desde o Norte de Galicia coa presenza do Xeo Destino Ferrol-Rías Altas ou Viviero ata o norte de Portugal pasando por concellos da provincia de Ourense ata a única Estación de Montaña de Galicia en Manzaneda. Estes destinos tiveron ademais a oportunidade de reunirse cunha quincena de axencias de viaxe especializadas en turismo activo dentro do III Workshop de Sportur Galicia.

Sportur Galicia estivo organizado por Expourense coa colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte e da Axencia de Turismo de Galicia, da Deputación de Ourense e do Concello de Ourense a través da Concellería de Turismo.



Federación Galega de Kung-Fu.